

## Warhol Cinema

Neste 20º aniversario do falecemento de Andy Warhol publicáanse numerosos artigos, reportaxes e crónicas sobre vida e milagres do autor norteamericano. Mesmo hai algún xornal de tirada estatal que pon na man dos seus lectores as láminas máis representativas do que foi a obra pictórica de Warhol. Esta última das súas facetas artísticas é a máis salientada nos diferentes artigos que levan caído nas nosas mans polo que, o librino de Alberte Pagán que vén de editar Positivas cobra unha dimensión máis completa do que levamos lido. Pagán afonda nas inxerencias cinematográficas do autor do retrato de Marilyn ou da serie de latas de sopa Campbell.

Ademais de ser un artista provocador, innovador e vangardista, na liña da xeración beatnik, que tanto influíu nel, Warhol era interdisciplinar e nada ortodoxo. Literatura—non podemos deixar de citar a Kerouac como unha das súas grandes iconas—, cinema, pintura, por supo-

### Retrato do artista interdisciplinar

HÉITOR MERA



arte, hoxe recoñecidísima, tería unha importancia decisiva no eido do experimentalismo propio do Pop Art ou, como xa dixemos, da Xeración Beat.

Alberte Pagán ábrenos os ollos na análise da súa filmografía. Moitas das súas películas non foron proxeccionadas en España, mais isto non lle quita valor a un traballo que se erixe en reivindicativo e pioneiro nos estudos que en Galicia e en España temos sobre este particular.

Depresivo, provocador, estraño na súa maneira de proceder, leva todas estas particularidades á súa filmografía destacando aspectos como o tratamento do tempo en rela-

ción co que debe ser e é ou do que moitos terían como un axioma inviolable a favor da verosimilitude dunha película e que Warhol converte en acerto cinematográfico ao non facer caso das limitacións teóricas do medio chegando a pararse nos detalles máis nimios para darlle, se non unha visión realista, paradoxalmente, si un ar de experimentalismo e funcionalidade filosófica a un eido ata a data inamovible.

N'A *mirada impassível* préstaselle atención a estas cuestións xerais, caracterizadoras da súa obra para pasar a analizar película a película as filmografía de Warhol, practicamente toda ela descoñecida para o gran público e envolvemento nun misterio que a fai máis atractiva. Pagán dá renda solta neste apartado a toda a súa erudición para analizar, desde o punto de vista dun cineasta independente coma el, a un artista arquitectónico por descubrir.

PAGÁN, Alberte, *A mirada impassível. As películas de Andy Warhol*, Ed. Positivas, Santiago, 2007, 223 páxinas.

to, non quedou na separación das diferentes artes, senón que aproveitou o que puido dunhas nas outras de maneira que a súa

## Da traxedia e da ironía

### Procurando os libertarios

DORINDA CASTRO SOLIÑO

Salvador Rodríguez (Bueu, 1963) é licenciado en Periodismo pola Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense de Madrid. Forma parte da Redacción de FARO DE VIGO e é coordinador do suplemento cultural de fin de semana, no que tamén escribe, deste diario.

Rodríguez ten publicados o libro de poemas *Fins do mundo*, o volume de relatos *La hija de Sherlock Holmes* e os traballos xornalísticos titulados *Entre Fisterras*, *Conversas con Carlos Núñez* e *Memoria de naufragos*; así mesmo participou con cinco relatos no volume colectivo de Edicións Xerais, *Phiccións*.

Agora el mesmo é noticia, pois vén de tirar do prelo *Libertarios*, (Edicións Cardeñoso), un “anárquico” volume desde o punto de vista do fío argumental, as voces narrativas, a técnica e mesmo o uso da lingua, que nos conduce á época da posguerra e á loita antifranquista en Galiza.


Entre o xogo, a ironía, a realidade, a ficción, as chiscadelas ao lector, a risa, a traxedia, a tenrura e a psicose, trascorren esta serie de relatos que teñen como fondo a creación dun grupo anarquista chamado Exército Galego Libertario que no ano 1949 proclamara a loita armada e o dereito a “verquer o sangue dos inimigos do pobo como única vía axeitada, coerente e práctica de facerlle fronte á dictadura militar e conquistar mediante a violencia revolucionaria, a liberación das clases populares asoballadas”.

O lector, como nun quebracabezas, tratará de reconstruír os feitos e acompañará a dous estudantes de xornalismo que procuran datos sobre a existencia do grupo para un traballo universitario. A información vén dada por exemplo por personaxes como Xosé Luís Rodríguez Serrín, Miguel Rancio, pacientes do psiquiátrico da “Rubilleira”, ou os xornais “Faro do Lixo” ou “La Voz de su Amo”. Ao seu carón tamén aparecen personaxes “da realidade” como Carlos Reigosa, coñecedor do tema dos “fuxidos” ou xa lendarios como Pepa a Loba que retorna para vingar a morte do seu amante.

Estilisticamente, o libro tamén é unha procurada mestura de técnicas narrativas como a entrevista, a reportaxe, os monólogos...nun hábil xogo a cabalo entre o xornalismo e a literatura.

Como di o autor nunha entrevista concedida a estas páxinas (27-VI-2007), *Libertarios* constitúe unha apoloxía do anarquismo e unha condena do terrorismo.


RODRÍGUEZ, Salvador, *Libertarios*, Ed. Cardeñoso, Vigo, 2007, 149 páxinas.



## Manexar os rexistros

### Máis que unha investigación policial

MARGA ROMERO



Pepe Carballude é un dos autores recoñecidos da literatura infantil e xuvenil galega cun número de obras que comezaron a entrar nos fogares hai xa vinte anos, títulos como: *O xilgaro pintor* (1987), *Andainas de Pedro Chosco* (1989), *Os enredos de Olalla* (1990), *A fraga misteriosa* (1992), *A historia do home-can* (1993), *¡Maldito D.N.I.!* (1998), *Paisaxe con fondo gris* (2001). *Investigación 91* é unha nova edición dunha novela publicada en 1988 e rescatada agora por Edicións Xerais para a súa colección “Fóra de Xogo”, dirixida máis ben cara un público xuvenil. A historia sitúanos en Areal do Conde, unha vila mariñeira das Rías Baixas, no ano 1986, espazo e tempo que nos trasladan á problemática laboral que pode ocasionar a reconversión pesqueira, o peche dunha fábrica, o marisqueo furtivo, como vai enu-

merando un dos personaxes, listado ao que engade: “a campaña de desprestixio

dos nosos mexillóns en Alemaña, a falta dunha política clara de concesións de axudas a fondo perdido para as familias que viven das bateas, dos cultivos mariños, da pesca de baixura...”. Unha historia que se envolve nas tramas do contrabando de tabaco, o famoso “de batea”, actividade que movía moitos lados da sociedade galega nos anos oitenta e que non deixaba indiferente a ninguén, e á que se sumaba e da que dependía o tráfico de drogas e a súa venda. A novela ábrese cunha nota de agradecemento de Rosa Miranda, unha aspirante a xornalista que reunirá os testemuños dos diferentes protagonistas para ensarillar toda a trama, da que ela mesma será un elemento clave, e recibirá os premios de conseguir ese traballo que desexa, unha relación estábel con Manuel Longueira, nun principio profesor de Inglés no Instituto da vila. Van parti-

cipando desta narración Xavier Cabaleiro, un estudante de bacharelato que se recupera dunha hepatite e pasa o seu tempo na escrita dun diario e en comunicarse co exterior a través da particular “ventá indiscreta” do cuarto que ocupa; Luís Cabaleiro, o seu pai, que recibe ameazas por unha colaboración xornalística e ofertas polo que debe escribir. A aparición do cadáver de Sonia Cambeiro, unha nena de dez anos, a malleira que recibe a adolescente Ana e o secuestro de Cachi, un fariñote que introduce a droga no Instituto, desencadean a investigación, das que aínda non forman parte as novas tecnoloxías, nin sequera os móbiles. Un dos acertos deste libro é o manexo dos diferentes rexistros lingüísticos, que nos axudan tamén na caracterización das personaxes e dunha época, outro conseguir mostrar o grao de implicación da sociedade en problemáticas aparentemente alleas e o papel que xoga o medo na vida cotiá.

CARBALLUDE, Pepe, *Investigación 091*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 169 páxinas.